



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

Rexistro Xeral
SAIDA
UVIGO1101 Nº. 200700009898
23-05-2007 12:52:35

Na sesión ordinaria de Consello de Goberno de dada 14 de marzo de 2007 aprobouse o Regulamento dos estudos oficiais de posgrao.

O artigo 20 de dito regulamento dispón que mediante instrución da Secretaría Xeral regularanse os requisitos formais para a expedición e rexistro dos diplomas de doctor/a europeo/a.

De acordo co establecido anteriormente, **ESTA SECRETARÍA XERAL DISPÓN:**

**PRIMEIRO:**

A “mención de doutoramento europeo” deberá figurar nas actas da lectura da tese de doutoramento. Recepcionadas ditas actas e unha vez que o interesado realice o depósito do título de doutor, a Sección de posgrao, ao dar de alta o título no programa informático, indicará no expediente informático tal circunstancia.

**SEGUNDO:**

A Sección de posgrao deberá acreditar ante a Sección de títulos e plans de estudo, mediante certificación académica oficial, a concesión do título de doutor e a mención de doutoramento europeo.

Unha vez finalizado o ano natural, expedirase certificación coa identidade dos alumnos que acadaron a mención de doutoramento europeo e que pagaron as taxas para a expedición do título dentro do ano inmediatamente anterior, indicando o DNI, apelidos e nome, e número de expediente universitario do título oficial de doutor.

**TERCEIRO:**

O diploma será expedido polo Reitor en nome da Universidade de Vigo, consonte ao disposto na legislación vixente.

**CUARTO:**

O diploma de “mención de doutoramento europeo” entregarase simultaneamente co título oficial de doutor. Na certificación de pagamento dos dereitos reflectirase dita mención e incluírase o anagrama de “Doctor Europeus”.

**QUINTO:**

A Sección de posgrao xestionará e custodiará o libro de rexistro de títulos oficiais de doutor, facendo constar, de ser o caso, no recadro de observacións a mención de doutor europeo e o número de rexistro universitario de diplomas.



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

**SEXTO:**

A Sección de títulos e plans de estudo xestionará e custodiará o libro de rexistro universitario de diplomas de “mención de doutoramento europeo”, e no mesmo deberá constar:

- Rexistro universitario de diploma
- Apelidos e nome
- DNI
- Data da superación da tese de doutoramento
- Data de expedición do título de doutor
- Denominación do título de doctor

**SÉTIMO:**

As cartolinas, soporte dos diplomas, serán asinadas polo Reitor, o Xefe do Servizo de Alumnado e o interesado. O anverso do diploma conterá os seguintes datos:

- Denominación do diploma
- Nome e apelidos do alumno
- Data da lectura da tese de doutoramento
- Data da expedición do título de doctor
- Anagrama de “Doctor Europeus”

No reverso imprimirase o mesmo texto que no anverso nos seguintes idiomas: castelán e inglés.

**OITAVO:**

A entrega dos diplomas farase na Sección de posgrao persoalmente aos interesados, os cales asinarán no libro de rexistro de títulos oficiais a recepción, tanto do título oficial como do diploma de “Mención de Doutoramento Europeo”.

**NOVENO:**

Para o non previsto na presente instrución, aplicarase o disposto na normativa vixente en materia de títulos universitarios oficiais.

Vigo, 23 de maio de 2007

A SECRETARIA XERAL,



  
Esther María González Pillado

EXCMA. SRA. VICERREITORA DE TITULACIÓNS E CONVERXENCIA EUROPEA  
SR. XEFE DO SERVIZO DE ALUMNADO